



A EROSIÓN DAS DUNAS DE PANXÓN DEBATIRASE NO PARLAMENTO DE GALICIA ANTE A FALTA DE RESPOSTA AUTONÓMICA

O alcalde de Nigrán entregou un informe ao vicepresidente da Xunta sobre o impacto que está a ter no areal o cambio do curso do río Muíños

O Concello xa solicitou asesoramento a docentes expertos en sistemas dunares da Universidade de Vigo e outras institucións para buscar unha solución

Nigrán, 10/02/16.- O deterioro do ecosistema dunar de Panxón e Praia América chegará ao Parlamento de Galicia ante a negativa da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de ofrecer asesoramento ao Concello de Nigrán para solventar, con garantías técnicas, o impacto que está a ocasionar o desvío da canle do río Muíños no areal.

"Queremos que a Xunta de Galicia entenda que cómpren actuacións urxentes neste espazo natural, xa que o seu deterioro vai en aumento, sobre todo, estes días coas intensas chuvias que estamos a sufrir", explica o alcalde do municipio, Juan González. Neste sentido, o rexedor sinala que entregou un informe ao vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, para trasladarlle persoalmente o problema e solicitar colaboración institucional co obxectivo de frear a degradación deste ecosistema.

Dende o departamento autonómico xustifican a súa negativa a realizar un estudo técnico sobre como actuar no areal -tal e como solicitou o alcalde hai quince días- sinalando que a conservación das dunas corresponde á Administración local, ao ser declaradas de forma provisional Espacio Natural de Interese Local (ENIL) en 2014.



É por isto que o grupo municipal xa empezou a traballar no asunto e, tal e como anunciou González no último pleno do Concello, contactou co director-conservador do Parque Nacional das Illas Atlánticas, José Antonio Fernández Bouzas, e con profesores expertos en sistemas dunares da Universidade de Vigo e outras institucións para solicitarlle a elaboración dun informe sobre o impacto que está a ter o río Muíños neste espazo.

"Unha vez que dispoñamos da valoración técnica destas especialistas, esperamos poder actuar coa maior celeridade posible na solución a este problema e protexer o sistema dunar", conclúe González.